

O desenvolvemento político pre-municipal dos pobos galaicos

The pre-municipal political development of the Callaeci

Martín Fernández Calo

Universidade de Santiago de Compostela

martin.fernandez.calo@rai.usc.es

Resumo

Examínanse o entramado socio-político e as institucións recoñecíbeis no período «pre-municipal» da *Callaecia*, acotado *ante quem* pola latinización xurídica de Vespasiano. Isto permite identificar e contextualizar un proceso de afianzamento constitucional nas comunidades galaicas previo á súa municipalización alto-imperial.

Palabras chave

Callaecia romana, Cultura castrexa, Cidade-estado antiga, República antiga, Historia das institucións.

Abstract

This paper analyzes the sociopolitical framework and the recognizable institutions in the 'pre-municipal' period in Callaecia, i.e. prior to Vespasian's juridical latinization. This allows to identify and contextualize a process of constitutional consolidation among Callaeci communities before their early imperial municipalization.

Keywords

Roman Callaecia, Castro culture, Ancient city-state, Ancient republics, History of institutions.

■ Data de envío: 24-01-2017 ■ Data de aceptación: 04-04-2017

INTRODUCCIÓN

A latinización xurídica da *Callaecia*, decretada canda a do resto de *Hispania* no Edicto de Latinidade de Vespasiano da década do 70 d.C., motivaría, entoutros efectos sen interese inmediato no presente estudo, a reformulación institucional deste espazo xeográfico (TRANOY 1981: 205; PEREIRA MENAUT 1982: 263-265; LE ROUX 1996: 368; ANDREU PINTADO 2004: 141-144). Isto daría orixe, a través dun proceso progresivo e probablemente longo, ao réxime municipal galaico-romano, verbo ao que existen múltiples lecturas historiográficas; pero ao que dende logo se vencellan o recoñecemento da personalidade xurídica e o autogoberno das *ciuitates* autóctonas e o cumprimento nestas, ou nos *municipia* aos que foren adscritas en *adtributio* (véxase GONZÁLEZ FERNÁNDEZ 2001: 122-123), de certos *munera* —*adlectio en ordines decurionum*, exercicio de maxistraturas e servizos públicos ordinarios e extraordinarios— por parte dos seus corpos cidadáns e, nomeadamente, as súas elites sociais. O *municipium* condicionaría, así, toda a vida política local da *Callaecia* logo da súa implantación, polo que unha «fase municipal» definiría a historia institucional de boa parte do dominio romano deste espazo.

Porén, entre a conquista romana da *Callaecia*, producida nunha data variábel segundo o ámbito local concreto (séculos II-I a.C.), e o Edicto de Latinidade (70/74 d.C.), restan ata dous séculos nos que as comunidades galaicas foron indefectibelmente «peregrinas», non privilexiadas; e as súas formas de organización socio-política local, de certo, diferentes ao *municipium* romano ou á *adtributio* municipal. Mais, cales eran estas diferenzas? Para resolver esta interrogante cumpriría primeiro formular outra máis específica: que se sabe do réxime pre-municipal da *Callaecia*?

HISTORIOGRAFÍA

Xa os precursores López Cuevillas e Serpa Pinto (1933-1934: 263) amosaron esta mesma inqueda e recoñeceron que “o que se sabe da constitución política dos antigos pobos da Galicia é en realidade moi pouco”. Non semella doado contradicir hoxe, case un século despois, tan pesimista percepción. Isto débese principalmente á parcialidade do rexistro histórico dispoñíbel, mais tamén á indefinición que adoita ter o período pre-municipal. Este conforma, en certa medida, unha transición entre a Prehistoria e a Idade Antiga; circunstancia que afecta por unha banda á natureza da documentación conservada, e pola outra ás tradicións investigadoras vinculadas a cada etapa: a cultura castrexa e a historia romana da *Callaecia*. Vexamos, pois, o que estes sectores aportan individualizadamente á devandita cuestión das institucións pre-municipais.

Ata hai non moito, en arqueoloxía, existiu dabondo consenso arredor do carácter esencialmente «igualitario» da sociedade castrexa (PEÑA SANTOS 1992; CALO LOURIDO 1993), noción que se viu discutida, e diversificada, por investigacións máis recentes, tendentes a aplicaren diversos modelos antropolóxicos ao rexistro material. Esta tendencia ten producido visións tan opostas arredor do réxime socio-político castrexo como a «sociedade heroica» de Parceró Oubiña (2000) ou a «segmentaria»

de Sastre Prats (1999) e Currás Refojos (2014). González Ruibal (2006-2007) tentaría conciliar ambas as posturas cun modelo «multi-cultural», adscribindo cada un dos anteriores —e engadindo outro máis, a «*société à maison*»— a cadansúa porción concreta do noroeste hispánico; o que, outra volta, impugnaría Currás Refojos (2014: 242-250). Sen entrarmos agora a valorar individualizadamente estas achegas, cómpre sinalar que a forte disparidade dos seus resultados evidencia as dificultades da interpretación social do rexistro material e, sobre todo, da asimilación deste a modelos antropolóxicos preconcebidos.

A división do sector historiográfico da «historia antiga», pola súa banda, resulta menos acentuada; embora fundamentalmente por mor do desinterese dos especialistas en historia romana polas institucións pre-municipais, concibidas xeralmente coma unha cuestión anecdótica, e nunca estudadas dun xeito global e sistemático. Só a interpretación do senlleiro signo epigráfico «O» se opón a esta consideración xeral, ao ter suscitado un notábel debate académico na década de 1980, do que é debedor o amplo consenso que, malia as súas diversas concrecións posíbeis, reporta hoxe algunhas nocións incontrovertíbeis arredor do réxime pre-municipal galaico, segundo se exporá nun apartado específico do presente estudo.

Pero isto é unha excepción. De feito, a produción investigadora dende este sector historiográfico resultou máis fructífera dentro da liña de investigación, secundaria cuantitativamente no número de publicacións implicadas, dos «estudos celtas». Lamentablemente, malia compartiren o mesmo principio metodolóxico de compararen o rexistro histórico galaico co das sociedades consideradas celtas, as diferentes achegas demóstranse en extremo dispares (confróntense BRAÑAS ABAD 1999; GARCÍA QUINTELA 2002; PENA GRAÑA 2004); o que matiza de seu a fiabilidade dos resultados, aínda sen afondarmos na valoración do método, que ten sido insistente e acremente discutido dende moi diferentes perspectivas (GONZÁLEZ RUIBAL 2005; BERMEJO BARRERA 2008; CALO LOURIDO 2010).

En suma, independentemente da perspectiva sectorial ou metodolóxica, a cuestión das institucións pre-municipais galaicas vese empecida pola división e mesmo o simple desinterese historiográfico; e consecuentemente, en xeral, dista de ter producido resultados positivos substanciais.

PROPOSTA DE ESTUDO

O presente estudo, inscrito sectorialmente en historia romana máis do que en arqueoloxía, e centrado concretamente na historia das institucións, pretende complementar dende esta perspectiva actualmente pouco traballada o deficiente coñecemento arredor do réxime pre-municipal galaico. Tal obxecto de estudo infire, de seu, algunhas consideracións preliminares, ás que xa me teño achegado superficialmente dende a miña tese de licenciatura (FERNÁNDEZ CALO 2015a) e procurarei agora sintetizar. Por unha banda, o réxime pre-municipal correspóndese ao substrato socio-político que condicionaría a municipalización a partires da dinastía Flavia (confróntese RODRÍGUEZ

NEILA 1998). Pola outra, non é unha realidade estática, senón dinámica e multifacética, na que previsibelmente ocorreron transformacións, presentando xa que logo nexos dispares cos réximes organizativos dos períodos adxacentes. Preténdese, pois, sobre estas premisas contextualizar os aspectos que a parcial documentación dispoñíbel permite albiscar do réxime pre-municipal da *Callaecia*, atendendo ao rexistro epigráfico e máis xenericamente arqueolóxico que non encaixa no réxime municipal romano e aparentemente o antecede.

Concíbese, neste senso, o seguinte esquema xeral, co que se pretende arrombar intuitivamente o rexistro histórico implicado e a propia estrutura interna do presente estudo:

- 1º. definición xeral do obxecto de estudo —as propias comunidades galaicas— a partires das descrições globais dispoñíbeis nas fontes literarias;
- 2º. identificación da súa organización socio-política interna, a través de cuxa proxección xeográfica coincidente se acotará unha área de estudo;
- 3º. confrontación desta organización orixinaria coas dinámicas estruturais tendentes á xerarquización habitacional e centralización socio-política das comunidades en cuestión;
- 4º. reunión exhaustiva da epigrafía institucional pre-municipal da *Callaecia*, fornecendo os seus paralelos externos e valorando as marxes históricas e semánticas para a súa interpretación, o que constituirá o verdadeiro miolo do estudo.

O rexistro arrombado nestes apartados temáticos será finalmente interrelacionado para contextualizar e caracterizar o entramado socio-político pre-municipal da *Callaecia*.

AS COMUNIDADES GALAICAS

O primeiro cómputo global de comunidades étnicas con interese no presente estudo procede de Estrabón (*Geog.*, III, 3, 5), para quen antes da conquista romana houbera, dependendo da versión manuscrita, trinta ou cincuenta comunidades étnicas (*éthnē*) “entre o Texo e os Ártabros” (*metaksý Tágou kai tōn Artábrōn*). Esta acotación reproduce con seguridade a territorialidade da *Lusitania* romano-republicana (confróntese GUERRA 2010), pero dende logo non permite enxergar substancialmente o artellamento inter-étnico da *Callaecia* desa época, toda vez que o cómputo inclúe un amplo espazo extra-galaico, desatende as comunidades asentadas alén do golfo ártabro, e comporta unha proxección interior incerta.

Por estes problemas, ten un meirande interese a descrição de Plinio o Vello (*Nat.*, III, 28), para quen a *Callaecia* do século I d.C. se dividía en corenta entidades políticas locais, ou sesenta e dúas sumándolle o ámbito ástur. Plinio escribiu a súa *Naturalis Historia* á altura da dinastía Flavia, principalmente na década do 70 d.C., pero obviamente en base a unhas fontes anteriores. Abonda aquí con sinalarmos a súa inequívoca datación *ante quem* á década antedita e a súa parcial asimilación ao contexto xulio-

claudiano previo. Debúxase, abofé, incerta a incardinación cronolóxica deste reporte; mais non a súa contextualización histórica: unha *Callaecia* non afectada en absoluto, ou ben só incipientemente, polas innovacións xurídicas flavianas, e xa que logo máis vencellada ao artellamento administrativo xulio-claudiano do que ao posterior. Esta circunstancia importa aquí especialmente por situar as entidades locais implicadas, se cadra xa gratificadas polo privilexio xurídico do *ius Latii*, nun contexto constitucional inequivocamente previo ao da súa reformulación institucional ou «municipalización»; vencellándoas, xa que logo, á propia fase histórica «pre-municipal».

O aducido cómputo de entidades políticas preséntase cunha característica alternancia terminolóxica, denominándose «*ciuitates*» as do *conuentus* bracarense e «*populi*» as do lucense e asturicense. Embora puidera presumirse unha diverxencia semántica disto, en realidade Plinio emprega tales termos como sinónimos, segundo veñen sinalando diversas achegas entre as que hei de incluírme (CAPALVO LIESA 1986; RODRÍGUEZ COLMENERO 1996: 132; FERNÁNDEZ CALO 2015b: 179-180; confróntese PLIN., *Nat.*, III, 18). En efecto, na terminoloxía política romana, *ciuitas* e *populus* ofrecían unha nidia correspondencia, referíndose a primeira ao conxunto de institucións dunha comunidade política, ou cidade-estado, e o segundo ao seu corpo cidadán (confróntese Cic., *Rep.*, I, 25). A alternancia pliniana enxerga, pois, a percepción que a propia administración romana tiña do espazo galaico baixo a súa xurisdición: un conglomerado de *ciuitates* con cadanseu corpo cívico ou *populus*, dependentes como tales dos *conuentus iuridici* da provincia *Hispania Citerior*, verbo á que asemade tiñan certas obrigas fiscais e militares. Unha *Callaecia* descrita, pois, conforme á mesma terminoloxía política xenérica aplicábel a calquera ámbito xeográfico coetáneo suxeito á administración romana.

Esta «visión externa» incardínase nun nidio contexto histórico. En efecto, a cidade-estado foi probabelmente a forma de organización local paradigmática da xeneralidade do ámbito circunmediterráneo antigo (CHIC GARCÍA 1998: 161; VLASSOPOULOS 2007: 106ss.), e dende logo o concepto co que os romanos, que a denominaban «*ciuitas*», entenderon a realidade institucional das sociedades veciñas e conquistadas. Dende a perspectiva romana, herdeira da grega e en esencia análoga á do resto das sociedades urbanas mediterráneas do seu tempo, a *ciuitas* artellábase na tripla presenza institucional dun *populus* ou corpo cidadán; un *senatus*, órgano representativo das elites sociais; e varios *magistratus*, cargos executivos temporais (RODRÍGUEZ NEILA 1998: 111-112; 2001: 25; GARCÍA QUINTELA 2002: 35; MELCHOR GIL 2010; FERNÁNDEZ CALO 2015a: 57). Este modelo socio-político encaixa tamén en múltiples réximes constitucionais específicos: tanto o municipal, como, a cotío, os que este substituíu en todo o Occidente romano.

Non semella, pola contra, que as comunidades locais da *Callaecia* se asimilasen claramente a este concepto romano da *ciuitas*. En esencia, a fase «pre-municipal» deste ámbito defínese pola remanencia do réxime socio-político «castrexo» previo, que difería amplamente do modelo teórico descrito, ao desdebuxar a propia coherencia constitucional das *ciuitates* galaicas.

O RÉXIME SOCIO-POLÍTICO CASTREXO

A epigrafía latina máis temperá da *Callaecia* documenta o singular sistema de adscrición cívica vixente no século I d.C. entre as comunidades galaicas, determinado polo característico signo epigráfico «O», marca de *origo* complementaria á *ciuitas* en contextos esencialmente funerarios. Como xa se avanzou, a lectura deste signo suscitou un dos máis fructíferos debates académicos arredor da *Callaecia* antiga, e dende logo o principal verbo ás súas institucións pre-municipais. A lectura epigráfica ordinaria para este signo, «*centuria*», nunca fora plenamente satisfactoria polo contexto específico das mencións galaicas; e malia que dende había moito existira unha sospeita nesta liña (confróntese LÓPEZ CUEVILLAS & SERPA PINTO 1933-1934: 289-290) sería Albertos Firmat (1975: 64-66) quen suxeriría expresamente, por primeira vez, a lectura «*castellum*» e a súa correspondencia cos castros coetáneos. Esta alternativa vese avalada polo carácter toponímico das mencións implicadas; a cotiá presenza sufixada nelas da partícula *-briga* ou semellantes, inequívoca referencia a reductos fortificados en altura (LUJÁN MARTÍNEZ 2011); e a mención directa de *castella* e *castellani* en textos epigráficos análogos. Malia ter suscitado en orixe unha certa controversia e hoxe moi notábeis variantes na súa concreción, esta lectura xeral goza hoxe dun sólido consenso académico (PEREIRA MENAUT 1983: 205; 1997; SILVA 1986: 272; BELTRÁN LLORIS 1988: 221-224; ARIAS VILAS 1992: 35; CALO LOURIDO 1993: 171ss.; 2010: 185ss.; UNTERMANN 1993: 376; VILLANUEVA ACUÑA 1993; GARCÍA MORENO, 1998: 1348-1349; LÓPEZ BARJA DE QUIROGA 1999: 348; SASTRE PRATS 1999: 191-192; PEÑA SANTOS 2005: 142; BÚA 2003: 159-160; LE ROUX 2003: 179-180; SALINAS DE FRÍAS 2006: 181-182; GONZÁLEZ RUIBAL 2006-2007: 306; LUJÁN MARTÍNEZ 2011: 225-226; SANTOS YANGUAS 2009; GONZÁLEZ GARCÍA 2011: 190; FERNÁNDEZ CALO 2015a: 25-26; 51).

Débense a Pereira Menaut (1982; 1983; 1997; 2005) os estudos máis exhaustivos arredor da dimensión política do *castellum*: a célula organizativa básica, cunha forte personalidade xurídica, constituínte das comunidades étnicas galaicas. Neste senso, sintetizando e ampliando as súas achegas, constátase que o *castellum* tivo indefectibelmente unhas funcións xurisdicionais, xurídico-políticas internas e externas, e votivo-relixiosas:

- 1^a. A función xurisdicional induciuse de varias estelas e inscricións rupestres identificadas como *termini* entre castros (TRANOY 1981: 375-376; PEREIRA MENAUT 1982: 253); pero fica incontrovertibelmente testemuñada polo Edicto do Bierzo (AE 1999, 915 = HEp 7, 1997, 378), que alude expresamente aos “eidos e lindeiros” (*agros et quibus finibus*) dos *castellani Paemeiobrigenses*.
- 2^a. As funcións xurídico-políticas refírense á personalidade xurídica dos castros, que na xeneralidade da documentación implicada aparecen, canda a *ciuitas*, como marca de *origo* dos seus habitantes, o que acredita a súa importancia na adscrición etno-cívica pre-municipal da *Callaecia*. Ademais, na táboa do Courel (IRPLu, 55) os *castellani Toletenses*, da *ciuitas Lougeiorum*, asinarían un pacto

de hospitalidade cun estranxeiro, Tilego Ambati da *ciuitas Susarrorum*; de onde volve desprenderse a personalidade xurídica do *castellum* galaico. A nivel externo, outra volta o Edicto do Bierzo (*AE* 1999, 915 = *HEp* 7, 1997, 378) constata que os *castella* mesmo puideron oporse á política común da súa *ciuitas* e interactuar con poderes externos, como fixeron os *castellani Paemeiobrigenses*, que non secundaron a rebelión da súa *ciuitas Susarrorum* a prol de respectaren os acordos previos con Roma (PEREIRA MENAUT 2005).

- 3^a. A función votivo-relixiosa vencélase ao rexistro de varios actos votivos adicados por comunidades castrexas, nomeadamente a Xúpiter (RODRÍGUEZ COLMENERO 1987: n.º. 11; 42; *AE* 2003, 962), pero tamén aos *genii castelli* (*CIRG* I, 67; FERRER SIERRA & RODRÍGUEZ COLMENERO 2010), indicio ineludíbel do culto a divindades privativas de cada castro.

En suma, e reproducindo as propias conclusións xa achegadas no seu momento por PEREIRA MENAUT (1983; 1997), o réxime socio-político castrexo opúñase á unidade constitucional do concepto romano e xenericamente mediterráneo da cidade-estado, pois as comunidades galaicas, ata ben avanzado o dominio romano, formaron «confederacións» de castros cunha ampla autonomía.

Tales son as características xerais e incontrovertíbeis do *castellum* galaico. Fican, con todo, notábeis inconcrecións. En primeiro lugar, tense sinalado a dificultade que comporta a extrapolación á sociedade pre-romana dunha realidade institucional unicamente reflectida pola epigrafía alto-imperial (OREJAS, RUÍZ DEL ÁRBOL 2010); o cal, ao meu ver, subestima a evidencia de que canda menos no Bierzo se atopa testemuñada nunha cronoloxía en esencia análoga á propia conquista da bisbarra (*AE* 1999, 915 = *HEp* 7, 1997, 378). Ademais, así como o *castellum* tivo, por simple asimilación semántica, unha inequívoca relación directa cos castros, isto non implica que cada castro constituíse cadanseu *castellum*; polo que é posíbel —embora completamente incerto— que este distrito rural abranguese varios daqueles, segundo se ten sinalado dende diferentes perspectivas (GARCÍA QUINTELA 2002: 51-52; BÚA 2003: 173-174; OREJAS, RUÍZ DEL ÁRBOL 2010). Porén, a indefinición máis relevante do *castellum* é o seu grao de exclusión coa *gentilitas*, institución supra-familiar presente no resto da *Hispania* indoeuropea e na que o carácter territorial non resulta evidente. Varias achegas teñen asumido a presenza de ambas as institucións na *Callaecia* por asimilaren a *gentilitates* certos demónimos plurais testemuñados epigraficamente (RODRÍGUEZ COLMENERO 1996: 155-156; ALARCÃO 2003: 31). Tal proposición, con todo, reduce a potencial complexidade de ambas as institucións: nada permite desbotar —nin verificar— o carácter xentilicio do *castellum*, nin o territorial da *gentilitas*; institución, por outra banda, moi diversa (confróntese BELTRÁN LLORIS 1988: 224-229) e xa que logo dificilmente extrapolábel como unha realidade social homoxénea e coherente a unha sociedade na que de feito non se testemuña.

Confluíse ou non a *gentilitas* na *Callaecia*, o *castellum* presenta dende logo unha distribución fortemente vencellada a este ámbito xeográfico. É certo que existen mencións esporádicas de *castella* no resto da Península Ibérica —e noutros ámbitos

afastados, coma a Galia, África ou Dalmacia— (confróntese OREJAS, RUÍZ DEL ÁRBOL 2010), mesmo presentando fortes paralelismos cos exemplos galaicos (véxanse *CIL* II, 5320; *AE* 1931, 8). Pero isto, aínda no difícil caso de se corresponderen tales mencións a unha realidade institucional idéntica, non matiza a evidencia dunha área coherente de distribución dos *castella* galaicos, centrada precisamente no que sería a *Callaecia* alto-imperial —os *conuentus iuridici* de Braga e Lugo— e cunha certa difusión ás circunscricións administrativas veciñas.

Este espazo caracterizábase, pois, pola presenza dun réxime organizativo homoxéneo e significativamente singularizado na súa contorna inmediata. Deste xeito, en termos institucionais cumpriría asimilar a *Callaecia* pre-municipal á propia área de distribución do *castellum*. Excedería os limitados obxectivos do presente artigo a catalogación exhaustiva dos testemuños epigráficos implicados; pero devén preceptiva, co gallo de acotarmos unha área de estudo, a identificación dos exemplos xeograficamente «extremos» deste rexistro (*AE* 1996, 891; 1999, 915; 2003, 962; 1954, 93 = *HEp* 5, 1995, 39; 7, 1997, 378; 11, 2001, 587):

- 1º. «*○ (castello) Agubri*», en Belmonte de Miranda, no que en época alto-imperial sería a *Asturia transmontana*;
- 2º. «*castellani Paemeiobrigenses*», correspondentes á localidade berciana de Bemibre, no mesmo *conuentus* có anterior;
- 3º. «*○ (castellani) Uenasini*», en Lubián, localidade se cadra correspondente ao *conuentus* bracarense pola súa ubicación ao oeste da serra da Cabreira;
- 4º. «*castellanis Araocelensibus*», en Mangualde, no lusitano *conuentus Scallabitanus*.

Estes testemuños debuxan unha diagonal que discorre nordés-sudoeste, rebordando un chisco os lindeiros da *Callaecia* alto-imperial polo leste e o sur, e delimitando aproximativamente a realidade institucional antiga do *castellum* galaico (Figura 1). Resulta significativa, por certo, a plena coincidencia desta área coa distribución do teónimo *Cosus* (BÚA 2003), o que suxire que rebordaría o eido do estritamente institucional. Ampliaríana un chisco, de calquera xeito, senllas epígrafes de Carviçais, Torre de Moncorvo (RODRÍGUEZ COLMENERO 1997: n.º. 621), moi deteriorada, que mencionaría un *castellum*; e Souto do Padrón, Pobra de Trives (*IRG* IV, 119), que presumibelmente aludiría aos *Lancienses*, etnónimo presente tanto na *Asturia* e coma na *Lusitania*. Porén, dado o carácter meramente orientativo do rexistro aquí presentado, eludirase a crítica pormenorizada destes documentos, requisito indispensable para valorar a pertinencia da súa inclusión no mesmo.




Figura 1. Mapa de referencia.

FRAGMENTACIÓN E CENTRALIZACIÓN CONSTITUCIONAL

Dada a dimensión socio-política do *castellum*, mais tamén a ampla fragmentación habitacional constatada pola arqueoloxía, o nivel de centralización que orixinalmente tiveran as comunidades galaicas semella moi cativo, e moi forte a personalidade dos

castros, as súas células constitutivas (LÓPEZ CUEVILLAS, SERPA PINTO 1933-1934: 263; SILVA 1986: 277-278; PEÑA SANTOS 1992; CALO LOURIDO 1993: 177; PEREIRA MENAUT 1997: 238-240; GONZÁLEZ RUIBAL 2006-2007: 187-188; 223-224; 311; FERNÁNDEZ CALO 2015a: 22-23). Malia a incerteza, o artellamento interno das comunidades castrexas pre-romanas fora dende logo moi laxo, e se cadra se expresase fundamentalmente en termos simbólicos (LÓPEZ CUEVILLAS, SERPA PINTO 1933-1934: 293; VÁZQUEZ VARELA, GARCÍA QUINTELA 1998: 129); e por suposto na representación exterior, segundo comporta canda menos a información dispoñíbel do proceso de conquista romano (FERNÁNDEZ CALO 2015a: 26; 35).

Neste senso, dende diversas posturas sinálase insistentemente que a *Callaecia*, arredor do século II a.C., abrangía un espazo intensamente fraccionado, no que os castros eran economicamente autosuficientes e escasamente especializados, e dende logo carecían de estruturas arquitectónicas cunha funcionalidade expresamente política (PEÑA SANTOS 1992; CALO LOURIDO 1993: 171ss.; GONZÁLEZ RUIBAL 2006-2007: 318ss.; 328ss.; CURRÁS REFOJOS 2014: 219ss.; 412-413). Será a partires deste substrato, desenvolvido ao longo da Idade do Ferro, de onde emerxa a diversificación do poboamento e, nomeadamente, a súa xerarquización habitacional.

Os grandes castros galaico-bracarenses

Este proceso tivo como marco principal o sur da *Callaecia* (Figura 1), onde se desenvolveron os característicos «grandes castros» ou «*oppida*» ao longo do século I a.C. (ALMEIDA 1983: 189; CALO LOURIDO 2005; PEREIRA MENAUT 2005: 123; CURRÁS REFOJOS 2014: 770). Outras achegas teñen adiantado a súa orixe ao século anterior, embora a través de indicios pouco concluíntes e dende logo non aplicábeis á totalidade destes xacementos (SILVA 1995: 517ss.; GONZÁLEZ RUIBAL 2006-2007: 318ss.). No que si hai pleno consenso é en que os grandes castros artellaron o territorio galaico-bracarense dos séculos I a.C. e I d.C. a nivel urbano e económico; polo que xeralmente se presume, malia a escasa seguridade (confróntese CALO LOURIDO 2005; 2016), que o fixesen tamén a nivel político, como cabeceiras das súas comunidades. Neles atópase, pois, o primeiro indicio material da xerarquización habitacional da *Callaecia* castrexa, e se cadra tamén do cohesionamento socio-político interno das súas *ciuitates*.

Verbo á sociedade, se as imponentes fortificacións e urbanismo destes xacementos reflicten o *éthos* comunitario castrexo —carácter retrotraíbel varios séculos atrás—, a decoración escultórica e o desenvolvemento arquitectónico das súas unidades domésticas debuxan a súa faciana privada. Dende logo, estes elementos materiais supuxeron a amortización de recursos, por parte de determinados grupos familiares, para potenciaren o seu prestixio social (CALO LOURIDO 1994: 689). Ultimamente González Ruibal (2006-2007: 400-409) ten concretado esta mesma noción a través do difuso concepto lévistraussiano «*société à maison*» como modelo da sociedade dos grandes castros, onde os grupos domésticos orientarían o seu «capital simbólico» ao lugar de habitación familiar, a casa; en contraposición aos usos sociais anteriores e os remanentes na *Callaecia* setentrional e oriental. Foi lugar común, de feito, concibir a

tipoloxía arquitectónica das «casas-pátio», tan característica dos grandes castros, un efecto da influencia cultural mediterránea (SILVA 1995: 520). Independentemente de que esta analoxía do modelo doméstico se interprete por tal influencia directa ou pola simple evolución estrutural análoga da sociedade castrexa, ou de que se asimile ou non a un modelo antropolóxico pre-determinado, todo o que se vén comentando ata aquí ten fondas connotacións na estrutura de familia e de propiedade... Pero non só iso.

En efecto, estamos perante a materialización na *Callaecia* castrexa duns procesos estruturais análogos na xeneralidade do ámbito circunmediterráneo antigo, onde tales mudanzas estruturais, dentro dos aspectos que particularmente interesan no presente estudo, impulsaron a transformación política das comunidades locais: a urbanización e a constitución de repúblicas; a creación da cidade-estado antiga. Neste senso, o desenvolvemento dos grandes castros galaicos inscríbese tamén nun proceso de urbanización e complexización social análogo en toda a Europa temperada ao remate da Idade do Ferro, do que agromarían os característicos *oppida*, en cuxa formación e desenvolvemento a influencia cultural e económica mediterránea foi determinante (WELLS 2001: 39-41; 50-52; CALO LOURIDO 2016: 100ss.). Neste senso, verbo á mudanza cultural que implicaría o desenvolvemento dos grandes castros, CALO LOURIDO (2005: 103) ten aludido á chegada do «lógos mediterráneo» á *Callaecia*. Coido esta idea especialmente suxestiva no referente ás súas implicacións institucionais. Os *oppida* vencéllanse, en efecto, á centralización política e á primitiva afirmación do Estado nas comunidades étnicas entre as que xurdiron. Voltando aos paralelismos históricos, na Galia o seu desenvolvemento adscribíse a unha cronoloxía semellante á galaica: a derradeira fase de La Tène (séculos II-I a.C.), cando analogamente se estaba a producir, por iniciativa aristocrática, a progresiva substitución das monarquías tradicionais por réximes republicanos semellantes aos das sociedades mediterráneas veciñas, dividindo as funcións políticas e rituais daquelas en varias maxistraturas colexiadas (LEWUILLON 2002: 244; LAMOINE 2009: 223ss.)... Poida que os grandes castros galaicos reflectan un proceso semellante?

Esta hipótese ha de calibrarse cun ineludíbel indicio urbanístico, pois en moitos destes xacementos se teñen identificado potenciais lugares de reunión pública: por exemplo, as explanadas que coroan o Monte Mozinho, San Cibrao de Las ou Santa Luzia, ou o grande banco corrido de Briteiros (SILVA 1986: 276; VÁZQUEZ VARELA, GARCÍA QUINTELA 1998: 90; CURRÁS REFOJOS 2014: 606). A catalogación desta realidade urbanística, tarefa pendente da investigación arqueolóxica galego-portuguesa, excede os limitados obxectivos do presente estudo, onde me cinguirei a valorar, sucintamente, as súas potenciais implicacións socio-políticas. Poida que funcionalmente tales estruturas sexan asimilábeis ao foro romano; mais morfoloxicamente respostan a un elemento puramente autóctono: o «banco corrido» castrexo, ao que Estrabón (*Geog.*, III, 3, 7) semella referirse como marco dos banquetes socio-familiares (*kateuōkhoúmenoí*) dos pobos do norte da Península Ibérica. Dende esta perspectiva, a centralización emprendida nalgúns pobos galaicos dende o século I a.C. e a vitalidade do réxime organizativo autóctono ata remates do I d.C. concederían unha nova tipoloxía e dimensión institucional aos bancos corridos

e ás reunións neles celebradas: a vertente conciliar ou asemblearia das repúblicas antigas. Mais, habería de vencellarse tal caracterización ao corpo civil do propio castro (*castellum*), ou ben ao de toda a súa comunidade étnica (*ciuitas*)?

A epigrafía cívico-política ástur

Arredor dun século despois da aparición dos grandes castros na *Callaecia* meridional, e nun contexto de fondas transformacións nos patróns de asentamento —embora xa non tendentes á urbanización— que teñen sido expresamente interpretadas como un efecto directo do ordenamento romano do territorio (SASTRE PRATS 1999), a epigrafía máis temperá do veciño ámbito ástur aporta varios indicios excepcionais do proceso de reformulación institucional das *ciuitates* locais. Neste senso, o primeiro documento implicado —non exento con todo de controversia arredor da súa autenticidade (CANTO 1990)— é a denominada *tabula Lougeiorum*, presuntamente procedente do Courel, que se refire, no ano 1 d.C., á devandita comunidade baixo o título «*ciuitas*» (*AE* 1984, 553 = *HEp* 1, 1989, 458):

C(aio) Caesare Aug(usti) f(ilio) et L(ucio) Aemilio Paullo co(n)s(ulibus) | ex gente Asturum conuentus Arae | August(a)e | ciuitas Lougeiorum hospitium fecit cum | C(aio) Asinio Gallo libereis postereisque eius | eumque liberos posterosque eius sibi libe|reis postereisque suis patronum cooptarunt | isque eos in fidem clientelamque suam suo|rumque recepit | egerunt legati | Siluanus Clouti (filius et) | Nobbius Andami (filius).

Nun contexto semellante, a *tabula Zoelarum* de Astorga opón, no ano 27 d.C., o título «*gens*» para estoutra comunidade do Trás-os-Montes ástur, veciña inmediata, pero xa allea, da área dos *castella* (*CIL* II, 2633):

M(arco) Licinio Crasso | (et) L(ucio) Calpurnio Pisone co(n)s(ulibus) | IIII K(alendas) Maías | gentilitas Desoncorum ex gente Zoelarum | et gentilitas Tridia|uorum ex gente idem | Zoelarum hospitium uetustum antiquom | renoua|uerunt eique omnes ali(u)s alium in fi|dem clientelamque suam suorumque libero|rum posterorumque receperunt egerunt | Araus Ablecaeni (filius) et Turaius Clouti (filius) Docius Elaesi (filius) | Magilo Clouti (filius) Bodecius Burralli (filius) Elaesus Clutami (filius) | per Abienum Pentili (filium) magistratum Zoelarum | actum Curunda | Glabrione et Homullo co(n)s(ulibus) V Idus Iulias | idem gentilitas Desoncorum et gentilitas | Tridiauorum in eandem clientelam eadem | foedera recepunt ex gente Auolgigorum | Sempronium Perpetuum Orniacum et ex gente | Uisaligorum Antonium Arquium et ex gente | Cabruagenigorum Flauium Frontonem Zoelas | egerunt | L(ucius) Domitius Silo et | L(ucius) Flauius Seuerus | Asturicae.

De certo, este documento produciuse a mediados do século II d.C., deixando constancia, como se observa, de tres pactos, sucesivamente renovados e ampliados, entre *gentilitates* e particulares: o orixinal, «*hospitium uetustum antiquom*», tanxencialmente referenciado e sen incardinación cronolóxica posíbel; e outros dous datados polas referencias consulares no 27 e 152 d.C., motivando este último a facturación do

documento e a reprodución dos termos do pacto anterior. A *tabula Zoelarum* ten un fulcral interese para o recoñecemento do proceso de centralización constitucional nun contexto inmediatamente veciño á *Callaecia* e a área dos *castella*: tanto o primeiro pacto coma o segundo aluden a *hospitia* entre certas *gentilitates* —presumíbeis unidades supra-familiares constituíntes da comunidade política—, feito que cumpriría vencellar a un proceso de afianzamento constitucional a comezos do século I d.C. O terceiro pacto ampliaría estes *hospitia* a individuos particulares de varias «*gentes*», termo que non ofrece unha interpretación unívoca:

- 1º. asimilariáse, por mor dunha deriva semántica, ás *gentilitates* dos pactos anteriores (SALINAS DE FRÍAS 2006: 183; BELTRÁN LLORIS 1988: 226);
- 2º. situaríase ao mesmo nivel cá *gens Zoelarum*, e o pacto derivaría da *adtributio* municipal nesta doutras *gentes* veciñas non municipalizadas (ORTIZ DE URBINA 2000: 122-123).

Coido que, dado o contexto cronolóxico e non implicar un presuposto previo de contradición semántica, a segunda solución semella idónea, independentemente da insalvável incerteza.

A confrontación das *tabulae Lougeiorum* e *Zoelarum*, no referente aos pactos «pre-municipais» desta, ofrece unha significativa alternancia terminolóxica conforme á que a primeira comunidade sería denominada «*ciuitas*» e a segunda «*gens*». O matiz semántico é evidente, contraponéndose o contido «étnico» da *gens* polo «cívico» da *ciuitas*; o que enxerga a percepción, a través da *interpretatio* romana, que as diversas comunidades tiñan da súa propia constitución política. Isto supón un precioso indicio do carácter embrionario das mudanzas constitucionais vencelladas ao proceso de centralización socio-política, os ritmos dispares nos que este se manifestaba, e a diferente percepción coa que era entendido entre as propias comunidades. Se cadra aquí estea a xogar a diferente organización interna destas, prestándose o modelo «confederal» pero netamente territorial castrexo dos *Lougei* —entre os que se documenta o *castellum* (confróntese *IRPLu*, 55)— máis susceptíbel á centralización política do que o dos *Zoelae*, organizados en *gentilitates*.

Con todo, o Edicto do Bierzo (*AE* 1999, 915 = *HEp* 7, 1997, 378), do 15 d.C., aporta un ineludíbel matiz a esta interpretación, ao se referir como «*gentes*» aos *Gigurri* e *Susarri*, colectividade organizada internamente en *castella* coma os *Lougei*. Esta circunstancia motiva certas interrogantes: presentarían a esas alturas *Gigurri* e *Susarri* un artellamento interno menos desenvolvido cós *Lougei*? Ou simplemente tales denominacións se empregaban arbitrariamente, sen designaren realidades socio-políticas diferentes? Non é posíbel, por suposto, achegarmos unha resposta unívoca a estas cuestións, que con todo poden verse condicionadas polo contexto dispar dos seus testemuños: unha *tessera hospitalis* no caso dos *Lougei*, producida probabelmente pola propia comunidade, e un edicto imperial no dos *Gigurri* e *Susarri*; polo que se cadra as súas implicacións verbo á propia percepción indíxena das súas constitucións locais sexan menores.

EPIGRAFÍA INSTITUCIONAL

A epigrafía galaico-romana, na que se solapan os excepcionais testemuños ástures que se veñen de tratar, constitúe un dos máis claros expoñentes da aculturación da *Callaecia* a partires do «cambio de Era», abranguendo con todo unha temática moi reducida: esencialmente, entre as producións autóctonas —os moi abondosos miliarios asóciase á iniciativa imperial—, funeraria e votiva. A epigrafía honorífica é aquí practicamente inexistente (LE ROUX, TRANOY 1973: 181-183), o que de seu acreditaría o conservadorismo do réxime político local, que puidera parecer menos receptivo á influencia cultural externa do que as propias prácticas sociais e relixiosas autóctonas. Con todo, alén dos xa tratados testemuños arredor do réxime cívico-político ástur e do senlleiro signo «D», na mesma área de distribución deste consérvanse algunhas epígrafes de diversa temática pero con moi significativas mencións institucionais: *concilia*, *legati*, *magistratus*, *principes*, e *senator*.

Concilia

No ámbito lusitano inmediateamente veciño da *Callaecia*, e dentro —total ou parcialmente— da área de distribución do *castellum*, atópanse dúas enigmáticas referencias, en senllas inscricións rupestres, a uns *concilia*.

A primeira delas é a de Penela da Beira, Penedono (AE 1986, 298 = HEp 1, 1989, 699):

Uisancoru | Camali | concili.

Non semella doada a interpretación deste texto, no que as dúas primeiras palabras serían un etnónimo «*Uisancoru(m)*» e un antropónimo «*Camali*». A última, pola súa banda, podería aludir ao insólito antropónimo *Concilus*, do que se derivaría a secuencia «*Camali Concili (fili)*» (BOTTO 1986).

Porén, a veciña inscrición de Nespereira, Cinfães, malia a súa conservación fragmentaria, contén xa unha mención inequívoca a un *concilium*; de xeito que favorece esta mesma lectura, abreviada, na anterior. Encarnação e Pinho (2001) forneceron a primeira edición, prudente pero só superficial, polo que ten un meirande interese centrármonos en dous estudos posteriores que afondaron na interpretación epigráfica. Así, Vaz (HEp 11, 2001, 712; 14, 2005, 460) achegaría a seguinte hipótese:

[---] *clemens | concilium | c(iuitatum) R(omanorum) d(onauit et) s(cripsit) | foros P(i)isur(or)um et) Sear(or)um | contumaces | hic Sear(i?) [---].*

Alarcão (2005: 152-156), pola súa banda, oporía a seguinte:

[---] (*castellani*) *Olemens(ium) | concilium | C(?), R(?) et D(?) s(cripserunt) | (per) foros P(i)isur(or)um cum) s(ignis) e(pidicticalibus) a(gros) r(enormarunt) | contumace S|anic(enses cum) s(ignis) e(pidicticalibus) a(gros) r(enormarunt).*

As diferenzas interpretativas son evidentes, condicionadas fundamentalmente polas enigmáticas secuencias «CRDS» e «SEAR», que respectivamente Vaz (*HEp* 11, 2001, 712; 14, 2005, 460) considera unha fórmula institucional e un etnónimo, e Alarcão (2005) un cómputo de particulares e unha fórmula agronómica. Non se pretende aquí afondar na interpretación, probabelmente inescrutábel, destas mencións epigráficas, senón simplemente constatar que ambas as lecturas propostas, alén das súas evidentes diferenzas, presentan tamén importantes concordancias. Primeiro, a mención «*Paiisur*», malia a súa orixinalidade ortográfica, semella referenciar a *ciuitas Paesurorum*, precisamente asociada á contorna de Nespereira. «*Foros*», pola súa banda, podería ser “una forma popular em vez de *fora*”, referíndose aos centros urbanos dos *Paesures* e dos —presuntos— *Seari* (ENCARNAÇÃO & PINHO 2001). Pero atinadamente Vaz (*HEp* 11, 2001, 712; 14, 2005, 460) le aquí un acusativo plural de *forus*, que na súa acepción primitiva aludiría á «parte exterior», neste caso das comunidades implicadas na inscrición: ou sexa, uns lindeiros xurisdicionais. Alarcão (2005: 154), fornecendo un texto agronómico (Col., *R.R.*, X, 91-93), opta pola acepción “sulcos”; o que suporía un mínimo matiz semántico: lindeiros agrícolas.

Porén, a mención máis clara do texto, e con meirande interese aquí, é o propio *concilium*. Tanto Vaz (*HEp* 11, 2001, 712; 14, 2005, 460) coma Alarcão (2005) suxiren que a epígrafe constataría a delimitación, decidida en *concilium*, dos espazos xurisdicionais —ou agrícolas— de certas comunidades: para o primeiro, as *ciuitates* dos *Paesures* e *Seari*; o segundo, que non ofrece unha lectura unívoca, debuxa a posibilidade de seren *castella* os suxeitos en cuestión. Sen vontade de afondarmos na crítica textual da epígrafe, cómpre sinalar que a hipótese básica dunha delimitación xurisdicional vese favorecida pola existencia doutras inscricións rupestres da *Callaecia* que serviron de *termini* (véxase RODRÍGUEZ COLMENERO 1987: n.º. 471) ou actos xurídico-rituais vencellados á propiedade agrícola (*CIL* II, 2476).

Resulta ineludíbel, malia ter sido efectivamente eludida nos estudos precedentes, a confrontación das inscricións de Nespereira e Penela; pois xuntas constatan, nunhas bisbarras moi concretas do norte da *Lusitania* e dentro da área de distribución do *castellum* galaico, a existencia de *concilia*. O carácter rupestre destas epígrafes apoia a súa función de marcos territoriais, o que comportaría que os devanditos *concilia* deliberasen, canda menos, arredor de delimitacións agrícolas. Menos seguridade ofrecen os suxeitos políticos aos que se adscribiron. En Penela refíresenos aparentemente un antropónimo (*Camalus*) canda un etnónimo (*Uisanci*) que non é posíbel vincellar inequivocamente a unha *ciuitas*, *gentilitas*, ou *castellum*. Colateralmente, RODRÍGUEZ COLMENERO (1996: 151, n155), ten aludido á súa posíbel correspondencia ao órgano deliberativo dalgún grupo xentilicio. Nespereira reporta potencialmente máis variábeis: a *ciuitas Paesurorum* é a única referencia segura; xúnguense a presunta *ciuitas Searorum*, os hipotéticos *castella Ocelensium* e *Sanicensium*, e unha serie de posíbeis antropónimos entre os que en primeiro lugar teríamos *Clemens*.

Estas epígrafes, en suma, presentan enormes indefinicións, pero aportan indefectíbelmente unha mención institucional: o *concilium*, presumíbel referencia, segundo se amosou, dunha comisión de arbitraje sobre lindeiros agrícolas, comunitarios

ou particulares. Tal interpretación, asemade, canda a propia semántica do termo, debuxaría a posíbel asimilación destes *concilia* a órganos deliberativos públicos.

A datación destas epígrafes é incerta: a de Penela foi paleográfica, e xa que logo hipoteticamente, datada no século II d.C. (BOTTO 1986); verbo á de Nespereira, en troques, sinalouse que pode pertencer “ao período romano com à Alta Idade Média”, embora evidentemente a referencia aos *Paesures* apoie a primeira opción (ENCARNAÇÃO & PINHO 2001). Porén, aquí importa, máis cá data, o contexto. O termo «*concilium*» constitúe unha denominación xenérica sen correspondencia con ningunha institución municipal ordinaria: isto, canda a onomástica puramente indíxena presente en Penela, imporía un contexto expresamente «pre-municipal» para esta institución, cando non a propia datación temperá das epígrafes en cuestión. Máis adiante ampliáranse un chisco as implicacións potenciais da hipotética datación post-flaviana destas epígrafes.

Legati

A *tabula Lougeiorum* (AE 1984, 553 = *HEp* 1, 1989, 458), xa reproducida nun anterior apartado, rexistra, segundo se expuxo, o pacto de hospitalidade (*hospitium*) que no ano 1 d.C. fixeron o maxistrado romano Asinio Galo, se cadra gobernador da provincia *Hispania Citerior* (DOPICO CAÍNZOS 2013: 87), e a *ciuitas* ástur dos *Lougei*. Confirmaron o pacto uns *legati*, identificados como Silvano Clouti e Nopio Andami: «*egerunt legati*», “actuaron os legados”.

Nesta figura puidera existir algún vencellamento coa administración romana, e nomeadamente co *conuentus Arae Augustae* mencionado no mesmo documento. Noutro pacto semellante, pero do século II d.C., os *Coelerni* do veciño *conuentus* bracarense verían tamén confirmado o seu pacto cunha autoridade militar romana por un *legatus* (AE 1972, 282); xa fose este o representante da autoridade provincial, como sospeitaria TRANOY (1981: 383); ou dalgunha outra instancia gobernativa, conventual ou mesmo municipal. De calquera xeito, a onomástica indíxena dos *legati* da *tabula Lougeiorum* redúceos presumibelmente a unha representación circunstancial da propia *ciuitas* implicada perante a autoridade romana, precisamente coa función de confirmar ou negociar un pacto que a todas luces tivo un carácter excepcional. En efecto, *legati* e *présbeis* —en fontes latinas e gregas, respectivamente— testemuñanse abondosamente como representantes das súas comunidades perante Roma en situacións tan excepcionais coma as negociacións bélicas (véxase MELCHOR GIL 2010: 179-180). Porén, este cargo tería un longo percorrido municipal, cando, do mesmo xeito, comportou “an obligation (*munus, leitourgia*) rather than a real magistracy” (CURCHIN 2014: 280).

Magistratus

Os *magistratus* fican relativamente ben testemuñados no *conuentus iuridicus* asturicense, entre os *Lougei* e os *Zoelae*. As diferenzas institucionais entrambas as comunidades son significativas, pois no primeiro caso a organización socio-política baseouse, coma na *Callaecia*, no *castellum*; mentres que no segundo testemuñanse as *gentilitates*, o que os conecta ao resto da *Hispania* indoeuropea. No primeiro caso, a

mención institucional despréndese da táboa do Courel (*IRPLu*, 55; seguindo a corrección suxerida por HERNANDO SOBRINO 2002):

Appio Iunio Silano (et) P(ublio) Silio | Nerua co(n)s(ulibus) | Tillegus Ambati f(ilius) Susarrus | ∩ (castello) Alobrigiaeco hospitium | fecit cum Lougeis castellanis | Toletensibus sibi uxori libe|ris posterisque suis eumq|ue uxorem liberosque eius | in fidem clientelamque sua|m suorumque in perpetuo cas|tellanei Toletensis receperunt | egit Tillegus Ambati ipse | mag(istratibus?) Latino Ari (filio) et Aio Temari (filio).

Documéntase aquí un *hospitium*, datado no 28 d.C. pola referencia consular, entre un *peregrinus* indíxena, Tilego Ambati da *ciuitas Susarrorum*, e os *castellani Toletenses*, da *Lougeiorum*. O pacto foi confirmado polo propio Tilego e dous persoeiros, Latino Ari e Aio Temari, definidos pola mención «MAG», que cómpre ler, segundo se reproduce arriba, «*mag(istratibus)*», ablativo de «*magistratus*», fronte á outra posíbel lectura, «*magister*», pola prevalencia daquel como título dos maxistrados de comunidades peregrinas (CURCHIN 2015: 168). A prol desta solución xoga ademais a *tabula Zoelarum* (*CIL* II, 2633) reproducida no anterior apartado, que no seu segundo pacto menciona como confirmante ao *magistratus Zoelarum* Abieno Pentili. Malia as diferenzas, xa aludidas, na organización socio-política interna destas *ciuitates*, a coincidencia da mesma cronoloxía xulio-claudiana, contexto administrativo asturicense e función institucional —confirmación dun pacto de hospitalidade— favorece a interpretación da mención «MAG» da táboa do Courel ao abeiro do *magistratus Zoelarum*. Isto convertería a Latino Ari e Aio Temari, coma Abieno Pentili e segundo se reproduciu arriba, en *magistratus*. Así como esta lectura institucional semella verificarse en función do contexto aludido, a adscrición etno-cívica dos *magistratus* da táboa de Courel presenta varias posibilidades (confróntese CURCHIN 2015: 169-170):

- 1^a. unha representación bipartita das *ciuitates Lougeiorum* e *Susarrorum*, por se adscribiren a elas as partes implicadas;
- 2^a. unha dobre maxistratura local dos *Lougei* (MELCHOR GIL 2010: 185, n15);
- 3^a. a identificación dun destes *magistratus*, ou dos dous, cunha maxistratura dos *castellani Toletenses*.

Sen dúbida as dúas primeiras solucións resultan as máis verosímiles, canda menos polo seu paralelismo co *magistratus Zoelarum*. Con todo, a terceira e aparentemente anómala solución «sub-local» atoparía un nidio paralelismo nos *pagi magistri* da lusitana estela de Garlitos (*CIL* II²/7, 875).

Certas achegas teñen vencellado os *magistratus* ástures ao réxime socio-político castrexo (LÓPEZ CUEVILLAS & SERPA PINTO 1933-1934: 285); ou mesmo igualado, canda outros títulos dispaes, a monarquías «célticas» de proxección supra-local (GARCÍA QUINTELA 2002: 36). GONZÁLEZ GARCÍA (2011: 192-193) atopa, como equivalencias posíbeis, unha xefatura indíxena ou “individuals installed by the Romans”, optando pola primeira opción. Porén, coa voz *magistratus* existen dabondos paralelos epigráficos —e evidencia semántica— para desbotarmos calquera das solucións anteriores: este título

refírese indefectiblemente a unha «maxistratura suprema», de carácter republicano e ámbito local (RODRÍGUEZ NEILA 1998: 117; 128-131).

En efecto, existen certos paralelismos externos nos que cómpre incardinar os *magistratus* ástures identificados. Dado que CURCHIN (2015) ten recentemente catalogado esta realidade institucional na Península Ibérica, limitareime aquí a sinalar algunhas posíbeis influencias existentes nas mencións ástures e o seu contexto inmediatamente veciño.

Na propia Astorga, nun indefectíbel contexto de privilexio xurídico, varios *magistri* aparecen adicando estelas votivas alto-imperiais (*CIL* II, 2636; *AE* 1928, 167), o que ten inducido a súa asimilación xenérica a sacerdocios municipais (PASTOR MUÑOZ 1977: 195). Semella suxestiva, dende logo, a consideración da influencia do modelo institucional desta cidade sobre as comunidades adscritas ao seu *conuentus iuridicus*, independentemente de que a voz «*magister*» difira de «*magistratus*» aínda cando forma parte da súa mesma familia léxica. Isto mesmo podería levar á consideración de ter motivado a *interpretatio* das maxistraturas supremas destas comunidades, se cadra dotadas de certas funcións relixiosas, coas sacerdotais de Astorga; o que enxergaría un valioso trazo da caracterización desta institución, matizado, con todo, pola insalvável incerteza ao respecto, e especialmente polo feito de non se testemuñar o *magisterium* asturicense dende tan antigo coma os *magistratus* ástures veciños. Porén, resultan sen dúbida máis significativos os paralelismos netamente «políticos». Na Galia a mesma voz «*magister*» substituiría a denominación tradicional da maxistratura local suprema, o *uergobretus*, como parte da incipiente adopción entre as *ciuitates* galo-celtas dos “canons institutionnels italiens” (ARBABE 2013: 520), antes da latinización xurídica e a municipalización.

De calquera xeito, é o propio contexto «peregrino» hispano o que aporta uns paralelos de meirande interese, pois os mesmos *magistratus* se documentan con relativa frecuencia na meseta do Douro, onde se citan en tres *tesserae* con certos paralelismos coas ástures (*CIL* I², 3466; *CIL* II, 5763; GARCÍA BELLIDO 1966). A primeira delas, contextualizada no castro vetón de Las Merchanas, Lumbrales, procede da propia veciñanza inmediata da *ciuitas Zoelarum* (Figura 1). Estes *magistratus* ofrecen non só un paralelo, senón, moi suxestivamente, pistas da vía de difusión histórica da propia institución, vencellada ao proceso de centralización socio-política, e mesmo aculturación, das comunidades implicadas.

É moi salientábel, por último, a presenza de *magistratus* en ámbitos tan dispares a nivel socio-político, malia a súa idéntica dependencia administrativa, como foron a *ciuitas Lougeiorum* e a *Zoelarum*. Esta circunstancia podería explicarse de dous xeitos: ou o *magistratus* alude a unha institución propiamente «ástur», ou a súa difusión histórica —canalizada presumibelmente a través da meseta— non discriminou entre as áreas dos *castella* e das *gentilitates* deste *conuentus*. Semella a todas luces máis razoábel esta segunda solución, toda vez que arredor do *conuentus* asturicense se teñen sinalado insistentemente as súas notábeis contradicións estruturais internas —culturais, lingüísticas, institucionais— que obviamente dificultan a noción de se caracterizaren as súas diversas comunidades pola presenza privativa dunha determinada institución.

Principes

Os *principes* galaicos testemuñanse en dous epitafios sen unha adscrición cronolóxica segura, embora datábeis no século I d.C. polas características externas das epígrafes e a onomástica que conteñen. Documentábase en primeiro lugar un *princeps Albionum* na estela de Vegadeo (AE 1946, 121 = ERAs, 14), cuxa correspondencia co defunto nela honrado —embora se asuma xeneralizada e se cadra irreflexivamente— é incerta, por non concertaren sintacticamente:

*Nicer | Clutosi (filius) | ∩ (castello) Cauri|aca | princi|pis Al|bionu|m an(norum) | LXXV
| hic s(itus) | est.*

Os outros dous noméanse na moi fragmentada estela dos príncipes de Lugo (CIL II, 2585): «*princ[---]; princeps CC[---]*». Con todo, dados o seu ineludíbel paralelismo coa mención anterior e o propio contexto xeográfico da estela, a reconstrución do título como «*principes Copororum*» (IRPLu, 34) semella satisfactoria e hoxe é xeralmente aceptada:

*[...Uec]ius Ueroblif(ilius)prince[ps--- | exHisp(ania)]cit(eriore)∩(castello)Circine(nsi?)
an(orum) LX [--- et | Uecc?]o Ueci f(ilius) princeps Co[pororum | an(norum) ---] h(ic)
s(iti) sunt heredes sib[i et suis?] | f(aciendum) c(urauerunt).*

Documentábase, xa que logo, tres *principes* galaicos entre os *Albiones* e presumibelmente os *Copori*, comunidades dependentes do *conuentus iuridicus* lucense. Outra cuestión diferente é a súa caracterización institucional, que ofrece moi diversas lecturas. Embora exista un certo punto común arredor da súa correspondencia cunha xefatura indíxena pre-romana persistente á altura da dinastía Xulio-Claudia (SILVA 1986: 279; MANGAS MANJARRÉS 1996: 32; GONZÁLEZ GARCÍA 2011: 192-193; FERNÁNDEZ CALO 2015a: 26; 51), diversas achegas enfatizan máis ou menos a influencia do poder romano na súa orixe e posición social (ALARCÃO 1998: 55-56; 2003: 32; LE ROUX 2003: 174; PITILLAS SALAÑER 2003). Esta mesma dicotomía historiográfica existe tamén nas achegas vencelladas aos «estudos celtas», que malia coincidiren na interpretación dunha institución monárquica «de tipo celta», basculan entre a consideración dun carácter plenamente indíxena (VÁZQUEZ VARELA & GARCÍA QUINTELA 1998: 128; PENA GRAÑA 2004: 271) e a influencia do poder romano na súa posición social (GARCÍA QUINTELA 2002).

Por outra banda, o testemuño dun *princeps Cantabrorum* coetáneo (MANGAS MANJARRÉS & MARTINO GARCÍA 1997) ten cominado a cotío a súa plena asimilación institucional cos *principes* galaicos. Porén, a indefectíbel discrepancia de cadansúa proxección territorial —un etnónimo xenérico supra-local no caso cántabro; etnónimos referentes a *ciuitates* locais nos galaicos— evidencia que tales mencións epigráficas, malia a súa homonimia, aluden a realidades socio-políticas notabelmente diferentes.

Verbo á terminoloxía, a voz latina «*princeps*» amosa unha acepción social xenericamente referente ás elites locais, pero sen un sentido xurídico estrito. En contextos hispanos, os *principes ciuitatum* documentados polas fontes literarias correspóndense

esencialmente a membros de órganos conciliares locais (RODRÍGUEZ NEILA 1998: 117-118; 118, n45-46; 128). Con todo, a mesma voz «*princeps*» designou na epigrafía alto-imperial realidades sociais e institucionais moi diversas (confróntese LAMOINE 2009: 68-73). Cómpre sinalar que na *Callaecia* o rexistro documental implicado documenta estas figuras singularizadamente, toda vez que os presumíbeis *principes Copororum* son considerados pola súa onomástica pai e fillo (*IRPLu*, 34); e canda menos no caso do *princeps Albionum* —embora tamén hipoteticamente nos outros dous— o seu título fornece un xenitivo plural, non unha adxectivación, dunha comunidade. Tales circunstancias apoian a dimensión institucional, non meramente social, do título; e mesmo o seu carácter «exclusivo», privativo dunha soa persoa e non asimilábel a unha dignidade aristocrática compartida entre varios notábeis dunha mesma comunidade, embora Le Roux (2003: 174) considere “hasardeux” tal proposición. Sexa como for, o mesmo xenitivo plural apunta ao carácter étnico máis ca civil da institución, polo que ao meu ver o principal paralelo a considerar non é a figura do «*princeps ciuitatis*» senón a do «*princeps gentis*», título común sobre todo na África romana, onde designou esencialmente os pequenos reis de comunidades rurais periféricas (confróntese BENABOU 1976: 465-466). Por suposto, non estou a suxerir unha relación xenealóxica entre tan afastadas institucións, mais si a analogía do contexto organizativo no que se documentan.

Deste xeito, semella plenamente factíbel para os *principes* galaicos a teimosa solución dunha xefatura castrexa pre-romana remanente á altura da dinastía Xulio-Claudia; a prol da que, ademais, xoga o carácter isolado do rexistro. En efecto, se a singularidade das mencións epigráficas se debe á senlla singularidade histórica da institución, dificilmente se podería obstar a súa prosapia indíxena. Neste senso, o *principatus* reduciríase a unha xefatura castrexa «étnica», anterior ao afianzamento «civil» no que se contextualizan as restantes mencións institucionais coetáneas.

Senator

Por último, semella poder engadirse a este rexistro un *senator* galaico-lucense mencionado no epitafio de Cambavio Corali, procedente de Padrón (*CIL* II, 5629 = *CIRG* I, 13), do que cómpre salientar dúas circunstancias: que o documento orixinal desapareceu e que a lectura da súa terceira ringleira varía en extremo segundo a edición implicada. Obviando esta ringleira, que cómpre discutir debidamente, a lectura do resto da epígrafe sería a seguinte:

Cambavius | Corali filius | [---] | annorum L | h(ic) s(itus) e(st) | sit t(ibi) t(erra) l(euis).

A interpretación orixinal da devandita terceira ringleira baseouse na copia realizada por Barros Silvelo na que se consignaba «*Senatorie · S*». Hübner (*CIL* II, 5629) corrixiuna por «*Senatoris s(eruus)*», lectura difícil pola presenza de filiación; a non ser que «*Senatoris*» fose un antropónimo, o que tampouco semella moi doado. Pola súa banda, LÓPEZ FERREIRO (1898: 366-367) reproduciu un gravado da estela que ofrecería outro veyro de interpretación: «*Senator Iries*». Para el, a lectura sería «*senator iries(is)*» e referenciaría un “miembro de la Curia municipal de Iria”. López Cuevillas e Serpa Pinto (1933-1934: 286), en troques, coidaron que o *senator* aludido no epitafio “acochou baixo

de un tídoo romanizado calquer maxistratura indíxena da república dos Caporos”.

Con todo, a influínte edición de Pereira Menaut (*CIRG* I, 13) removería a certeza arredor da constatación deste *senator*, ao propor unha lectura en extremo afastada das anteriores, malia basearse primariamente nelas por non ter acceso directo á epígrafe orixinal. Formulou, pola contra, o seu potencial paralelismo con outro documento (*CIL* II, 5626 = *CIRG* I, 12), tamén procedente de Padrón pero de carácter votivo que —segundo a súa propia lectura— se referiría a uns adicantes «*For(o)i(ri)|e(n)ses*». Deste xeito, o epitafio de Cambavio Corali leríase «*Sena For(o)irie(n)s(is)*», onde a mención «*Sena*» formaría parte da *origo* do defunto: un presunto *castellum Sena* do *Forum Iriensium*. Esta última lectura resulta a todas luces problemática, e non só pola notábel corrección do campo epigráfico orixinal, senón nomeadamente polo seu contexto funerario *intra ciuitatem*. Como é ben sabido, os epitafios latinos non adoitaban especificar a *origo* cando os defuntos eran enterrados dentro dos lindeiros xurisdicionais da súa mesma *ciuitas*. Máis concretamente, na epigrafía funeraria galaico-romana non existe unha soa mención de *castellum* que se acompañe da da *ciuitas* en enterramentos *intra ciuitatem*; agás se cadra no caso da lápida de Castrelo de Val (*IRG* IV, 66), que mencionaría un *Tamacanus* na presunta área de asentamento deste pobo, circunstancia que tería xerado explicacións *ad hoc* (TRANOY 1981: 73) ou a directa matización da teimosa redución dos *Tamacani* no val do alto Támea (BRAÑAS & al. 2007: 542). A mesma anomalía se debuxa na lápida perdida de Padrón, e embora se poida fornecer tamén un matiz *ad hoc* (*CIRG* I, 13), se cadra resulte máis significativo atendermos ás razóns que cominaron unha modificación tan drástica do campo epigráfico orixinal.

En efecto, aquí só atopamos un preconceito do editor: “os autores antigos... creron que Cambavius Corali f. era un senador da curia indíxena de Iria..., o que non é aceptable” (*CIRG* I, 13). Tan categórica refutación das lecturas anteriores non se fundamenta máis ca nesta afirmación, da que se elude todo desenvolvemento. Contra tal percepción, en troques, constátase efectiva e abondosamente que a *interpretatio romana* designaba co título «*senator*» os membros dos senados locais de comunidades peregrinas (GARCÍA BELLIDO 1966: 156; MELCHOR GIL 2010).

Existen varias razóns para asimilarmos a esta realidade «peregrina» ou «pre-municipal» o *senator* da lápida perdida de Padrón:

- 1^a. A estrutura do texto evidenciaría unha datación do documento anterior ao século II d.C. (*CIRG* I, 13), polo que sería admisíbel —embora incerto— un contexto previo á latinización xurídica e a municipalización da súa comunidade, fose esta *Iria* ou outra;
- 2^a. O termo «*senator*» fica en calquera caso desvinculado dos *ordines decurionum* municipais, cuxos membros se intitulan máis ben «*decurius*» ou «*centumuir*» (confróntese NICOLS 1988);
- 3^a. Finalmente, xa a nivel especulativo, cumpriría admitir que o potencial exercicio dalgunha maxistratura por parte deste *senator* ao longo do seu *cursus honorum* tería que ter motivado a adquisición da cidadanía romana *per honorem*, o que dende logo non é o caso, pois a súa onomástica é plenamente indíxena e carente de *tria nomina*.

Deste xeito, o *senator* do perdido epitafio de Cambavio Corali, identifíquese ou non co defunto, constataría a existencia dun destes *senatus* «peregrinos»: o órgano deliberativo local dalgunha comunidade galaica, xa fose esta o presunto *Forum Iriensium* ou outra, eludida na estela, que se puidese vencellar á contorna de Padrón, coma os *Copori* (Ptol., *Geog.*, II, 6, 23), ou ben os *Cileni* ou os *Celtici Praestamarici* (Plin., *Nat.*, IV, 111).

INTERPRETACIÓN

En conxunto, na *Callaecia* alto-imperial e as súas bisbarras adxacentes emerxe unha serie de mencións epigráficas alleas ao réxime municipal que semellan asimilarse aos alicerces institucionais das antigas cidades-estado republicanas: órganos deliberativos e maxistraturas (Figura 2). O rexistro, con todo, resulta parcial, limitándose a referencias fragmentarias e colaterais, e nalgúns casos mesmo inseguras. Maxistraturas son dende logo os *legati* dos *Lougei* e os *magistratus* documentados nesta mesma comunidade e a dos *Zoelae*, e se cadra tamén entre os *Susarri*. Os órganos deliberativos, pola súa banda, reduciríanse aos *concilia* da *Lusitania* setentrional e un *senator* da *Callaecia* lucense occidental. Os *principes*, en troques, asimilariáanse plausibelmente á remanencia dunha xefatura «castrexa» anterior, de moi diferente caracterización socio-política cás restantes institucións, entre os *Albiones* e se cadra os *Copori*.

MENCIÓN INSTITUCIONAL	CATÁLOGO EPIGRÁFICO	ADSCRICIÓN ETNO-CÍVICA	CORRESPONDENCIA INSTITUCIONAL
<i>concilium</i>	AE 1986, 298 = HEp 1, 1989, 699; ENCARNAÇÃO & PINHO 2001	<i>Paesures; Uisanci?; Seari?</i>	órgano deliberativo civil (local ou sub-local?)
<i>legatus</i>	AE 1984, 553 = HEp 1, 1989, 458	<i>Lougei</i>	maxistratura civil (circunstancial?)
<i>magistratus</i>	CIL II, 2633; IRPLu, 55	<i>Zoelae; Lougei; Susarri?</i>	maxistratura civil suprema
<i>princeps</i>	AE 1946, 121 = ERA, 14; CIL II, 2585 = IRPLu, 34	<i>Albiones; Copori?</i>	xefatura étnica?
<i>senator</i>	CIL II, 5629 = CIRG1, 13	incerta: <i>Iria; Copori; Cileni; Celtici Praestamarici?</i>	órgano deliberativo civil (local ou sub-local?)

Figura 2. Relación de institucións pre-municipais.

Diverxencias rexionais

Constátase unha aparente contraposición entre os títulos institucionais lucenses e lusitanos cos ástures, e resulta chamativa a total ausencia bracarense neste rexistro epigráfico. Lémbrese que aquí, segundo se expuxo, a centralización socio-política se expresaría por un viero moi diferente, e probabelmente anterior, ao dos ámbitos veciños: o desenvolvemento dos grandes castros. Neles, as estruturas de reunión pública ofrecerían tamén unha correspondencia cos órganos deliberativos republicanos das antigas cidades-estado. A devandita ausencia bracarense resulta dende logo anómala, sobre todo tendo presente que a nivel económico este *conuentus* foi probabelmente o máis desenvolvido e dende logo o máis poboado (Plin., *Nat.*, III, 28) da súa contorna; e a súa epigrafía, nos temas funerario e votivo, de ningún xeito máis pobre cá dos veciños. Alén da ineludíbel parcialidade do rexistro implicado, que probabelmente obste a pertinencia de toda valoración de carácter estatístico, cómpre incardinarmos esta aparente anomalía na meirande precocidade que as comunidades bracarenses terían experimentado, fronte ás lucenses e asturicenses, no seu proceso de centralización socio-política. En efecto, se as mencións institucionais ástur-lucenses identificadas abranguen o século I d.C., e as lusitanas poderían corresponder mesmo ao II d.C., o desenvolvemento dos grandes castros bracarenses situouse ao longo do I a.C. Isto significa que as súas institucións republicanas locais serían probabelmente máis antigas e respostarían a uns usos institucionais de meirande prosapia «castrexa», fronte ás restantes, desenvolvidas xa nun contexto de meirande influencia cultural romana; o que motivaría nelas, asemade, unha meirande incidencia do chamado *epigraphic habit*. Enfrontada a un problema análogo, Berrendonner (2003) apunta tamén á cultura política —non ao subdesenvolvemento institucional— como razón da pobreza da epigrafía institucional etrusca, en relación a outras comunidades itálicas, antes da «guerra social».

Deste xeito, a nivel documental a dicotomía establécese entre o ámbito bracarense e os demais, pola dispar correspondencia deste proceso na plasmación epigráfica e no desenvolvemento urbanístico. Pola contra, a natureza institucional do rexistro debuxa unha dicotomía ben diferente, ao ofrecer indicios de órganos deliberativos no ámbito galaico-lusitano fronte ás maxistraturas do asturicense. Comporta isto unha diferenza efectiva na realidade institucional destes dous ámbitos, conforme á que as maxistraturas predominasen no ámbito oriental ástur e os órganos deliberativos no occidental? Lonxe de se anicar, esta sospeita reforzaríase coa ampliación da área de estudo, pois como xa se aludiu os *magistratus* ástures atopan unha nidia correspondencia coas mencións homónimas da meseta do Douro; redundando, pois, na dicotomía institucional oriente-occidente. Son, daquela, todas estas mencións complementarias ou cómpre restrinxilas ás áreas ástur e galaico-lusitana nas que diferencialmente se documentan? Sen dúbida, o dilema metodolóxico *lumping-splitting* (asimilación e disimilación) ofrece aquí unha nidia canle de discusión; embora esta, lamentabelmente, fique restrinxida pola ineludíbel parcialidade do rexistro. Coido que de acreditar nos en tal dicotomía institucional, cumpriría non entendela en termos absolutos, senón nunha simple cuestión de preponderancia, pois maxistraturas e órganos deliberativos formaron parte

indistintamente do organigrama xeral da cidade-estado antiga, embora variasen as súas competencias en cada caso local concreto.

Os diferentes ritmos das transformacións

No noroeste da Península Ibérica, estas particularidades locais vencellaríanse ao diferente substrato cultural e propiamente socio-político entre a área occidental dos *castella* e a oriental das *gentilitates*, amais das diferentes vías de penetración das innovacións políticas. En efecto, as institucións «pre-municipais» distan de reflectiren un entramado socio-político proto-histórico «atemporal», pois teñen probabelmente orixe nas mudanzas estruturais que, conforme a ritmos diversos, experimentarían as comunidades implicadas dende o remate do século II a.C. Neste senso, xa LE ROUX (2003: 180) ten salientado que na *Callaecia* a transformación primixenia das institucións «étnicas» polas «civís» houbo de ocorrer no lapso entre o séculos I a.C. e I d.C.

Ao meu ver cómpre incardinarmos sobre esta premisa, tan simple como sólida, a interpretación do rexistro aquí reunido e analizado. Deste xeito, canda menos ao longo do século I a.C. a cultura castrexa do ámbito bracarense racharía coa fragmentación habitacional que a caracterizara previamente a prol dunha intensificación na explotación do territorio, especialización entre os diferentes núcleos, e incipiente xerarquización urbana. Tales innovacións, coas súas especificidades, serían un chisco posteriores nos ámbitos xeográficos veciños; pero indistintamente en todos eles se contextualizarían nun proceso análogo de reformulación e centralización constitucional das comunidades locais. No oriente ástur expúxose cómo as diferentes comunidades amosarían a comezos do século I d.C. percepcións dispares de cadansúa constitución política, basculando entre as denominacións «*ciuitas*» e «*gens*» na epigrafía; o que probabelmente se vencelle, coma os grandes castros bracarenses, ao proceso de afianzamento socio-político das comunidades locais sobre as súas sub-unidades constitutivas.

Ás devanditas discrepancias terminolóxicas do ámbito ástur entre o carácter civil ou étnico das comunidades súmanse os *principes*, que segundo se amosou difiren das restantes mencións institucionais por non se asimilaren claramente ás estruturas socio-políticas «civís» ou «republicanas» da cidade-estado antiga. Cómpre vencellar isto aos dispares ritmos estruturais que terían afectado ás diferentes comunidades da *Callaecia*: fronte ás institucións republicanas astur-galaicas e o modelo urbano bracarense, as comunidades do ámbito centro-setentrional lucense presentarían un artellamento interno pouco cohesionado onde a posíbel xefatura «castrexa» do *principatus* gozaría dun certo protagonismo á altura do século I d.C. Esta discrepancia institucional entre as estruturas civís dunhas comunidades e a remanencia dunha xefatura étnica previa noutras constataría, simplemente, os diferentes ritmos nos que se materializou o proceso de centralización constitucional galaico. Coido moi significativo, neste senso, o paralelismo que amosa o caso das monarquías galo-celtas, que malia seren substituídas xeneralizadamente xa dende o século II a.C. por réximes republicanos, nalgunhas *ciuitates* sobrevivirían mesmo á conquista romana (LEWUILLON 2002: 244). Isto significa que, embora o proceso de centralización constitucional pre-municipal fose en

boa medida lineal, incidiría cuns ritmos específicos en cada caso local, e concretamente o norte lucense da *Callaecia* resultaría máis reacio a estas innovacións cós ámbitos xeográficos veciños.

Resulta preceptiva unha concreción semellante, embora conectando non coa etapa pre-romana senón coa post-flaviana, verbo aos *concilia* da *Lusitania* setentrional. Segundo se consignou no seu momento, Botto (1986) forneceu como datación hipotética da inscrición de Penela o século II d.C. De ser así, cumpriría contextualizar a acción destes *concilia*, arbitrando presumibelmente sobre lindeiros agrícolas, no propio proceso de municipalización das comunidades implicadas, pois o dereito latino houbo de favorecer a privatización de terras (ALMEIDA 1983: 192); contexto que se cadra subxaza na orixe dos documentos en cuestión, que a todas luces serviron, segundo se expuxo, de marcos territoriais. Neste senso, os *concilia*, ou canda menos o de Penela, poderían seguir vixentes mesmo despois da latinización xurídica. O límite máximo da súa vixencia sería, certamente, a constitución municipal, acotada *ante quem* no 105 d.C. para os *Paesures* citados en Nespereira (confróntese *CIL* II, 760), pero incerto para os *Uisanci*, caso de ser esta a comunidade representada polo *concilium* de Penela. Nesta mesma remanencia do réxime pre-municipal nun contexto de latinidade xurídica poderíase entender, tamén, a referencia ás *gentes* do último pacto da *tabula Zoelarum*, o que favorecería a contextualización deste nunha *adtributio* municipal, segundo se amosou no seu momento.

A ineludíbel influencia externa

O desenvolvemento político pre-municipal da *Callaecia* viuse dende logo condicionado pola dinámica estrutural interna das súas comunidades locais, pero tamén por factores externos. Primeiramente, debúxase inexorablemente unha lóxica «difusionista» na reformulación institucional destas comunidades, que sen dúbida se viron influídas polas institucións dos pobos veciños e as relacións mercantís cos fenicios, entre os que este modelo constitucional tivera, abofé, un longo percorrido previo. Porén, cómpre identificarmos asemade unha influencia expresamente romana, pois todo o rexistro manexado se sitúa indefectibelmente nunhas cronoloxías nas que esta incidía dun xeito máis ou menos evidente.

Semella desbotábel a simplista noción dunha potenciación directa das institucións estudadas por parte do poder imperial, pois este primitivo desenvolvemento institucional foi gradual e fundamentalmente endógeno. Neste contexto non só «pre-municipal» senón nomeadamente «peregrino», as comunidades galaicas mantiñan os seus propios réximes xurídico-institucionais indíxenas e ao poder romano nin lle interesaba nin probabelmente tiña a capacidade efectiva de modificalo, independentemente de que tal posibilidade se testemuñe en certas ocasións excepcionais (véxase Tac., *Ann.*, XI, 19, 1) e de que algunhas noticias expresamente referentes á *Callaecia* poidan ter notábeis implicacións á hora de valorala (App., *Iber.*, XVI, 99; Str., *Geog.*, III, 3, 5). Emporiso, ordinariamente as preocupacións romanas eran, coma o contexto, máis «peregrinas», centrándose no obxectivo meramente pragmático de garantir e coaccionar a satisfacción

das obrigas fiscais e militares contraídas polas comunidades sometidas. Sen dúbida, as taxacións e os recrutamentos de auxiliares houberon de motivaren entre elas unhas relacións internas significativas de distribución e acumulación pública de recursos co obxecto de sufragaren as súas obrigas fiscais (véxanse SASTRE PRATS 1999: 200ss.; CURRÁS REFOJOS 2014: 757ss.).

Outras achegas teñen salientado tamén a influencia dun factor bélico, conforme ao que as comunidades galaicas terían reforzado a súa cohesión interna —o que nomeadamente orixinaría os grandes castros— como necesidade defensiva fronte ao poder romano dende o século II a.C. (SILVA 1995: 524; GONZÁLEZ RUIBAL 2006-2007: 431ss.; GONZÁLEZ GARCÍA 2011). Coido, de calquera xeito, que os aspectos «hostil» e «tributario» desta influencia romana non resultan necesariamente excluíntes; embora cumpriría calibralos en función da data da conquista romana, que de certo non foi a mesma para todos os pobos da *Callaecia* (confróntense CURRÁS REFOJOS 2014: 717ss.; FERNÁNDEZ CALO 2015a: 27-34). Ampliando, ademais, este factor bélico, engádese que o achegamento de determinados notábeis galaicos ao poder romano como consecuencia da conquista, a través da militancia en *auxilia* ou o seu simple apreixamento como reféns —o que por certo se atopa expresamente testemuñado dende antigo na contorna inmediata da *Callaecia* (confróntese App., *Iber.*, XII, 74-75)—, levaríalos probabelmente a motivaren a transformación política das súas comunidades sobre o exemplo de sociedades afastadas que probabelmente non terían coñecido *in situ* se non fose polas circunstancias aludidas.

É, xa que logo, nestas múltiples influencias indirectas onde cómpre enxergar a implicación romana no afianzamento constitucional pre-municipal dos pobos galaicos.

CONCLUSIÓNS

A reunión e contextualización do rexistro documental traballado no presente estudo permitiu debuxar, malia a súa fragmentariedade, as liñas xerais da evolución histórica do entramado socio-político da *Callaecia* nos séculos I a.C. e I d.C. Antes da latinización xurídica e a consecuente municipalización, as comunidades galaicas desenvolveron un artellamento institucional interno que confluíu, e probabelmente se inspirou, no modelo xeral da cidade-estado antiga, co establecemento de órganos deliberativos públicos e maxistraturas. Este proceso viuse condicionado polo substrato socio-político previo, as dinámicas estruturais coetáneas, e a decisiva influencia externa; e consecuentemente tivo uns efectos dispares. A súa análise, malia a inevitábel superficialidade, permite enunciarse solidamente as seguintes proposicións:

- 1^a. As innovacións institucionais producidas no período estudado víronse condicionadas polo substrato socio-político previo, que na *Callaecia* e as bisbarras adxacentes da *Asturia* e *Lusitania* se fundamentaba no *castellum*, a dimensión xurídico-institucional dos castros (Figura 1).
- 2^a. Só no ámbito bracarense se desenvolveu dun xeito significativo o modelo urbano. Nel, as estruturas de reunión pública dos grandes castros puideron corresponderse, na súa dimensión política, a órganos deliberativos locais ou sub-locais.

- 3^a. A epigraña institucional pre-municipal da *Callaecia* e da área de distribución dos *castella documenta varios concilia, legati, magistratus e principes*, amais dun *senator* (Figura 2).
- 4^a. Identifícase unha dicotomía entre as mencións institucionais de maxistraturas no ámbito oriental ástur e os indicios de órganos deliberativos no occidental galaico-lusitano, que podería deberse á diferente preponderancia que adquiriron estas institucións en cada ámbito, en base á disparidade do substrato socio-político previo e da influencia externa.
- 5^a. Contrariamente ás demais mencións institucionais identificadas, os *principes* galaico-lucenses non resultan satisfactoriamente asimilábeis ao modelo institucional «civil» da cidade-estado antiga, polo que moi plausibelmente sinalan unha xefatura castrexa anterior.
- 6^a. Advírtese a incidencia de ritmos locais específicos para a reformulación constitucional das comunidades galaicas e a implantación nelas das institucións estudadas. Isto supón a mutación constitucional esporádica pero progresiva destas comunidades a prol dun modelo de organización local xenericamente asimilábel á cidade-estado antiga, antes da latinización xurídica; o que en definitiva condicionaría, despois desta, a implantación do réxime municipal romano.

BIBLIOGRAFÍA

- ALARCÃO, J. 1998. “Ainda sobre a localizaçã dos populi do conventus bracaraugustanus”, *Anales de arqueología cordobesa*, 9, pp. 51-57.
- ALARCÃO, J. 2003. “A organizaçã social dos povos do Noroeste e Norte da Península Ibérica nas época pré-romana e romana”, *Conimbriga*, 42, pp. 5-115.
- ALARCÃO, J. 2005 “O território dos Paesuri e as suas principais povoações”, *Conimbriga*, 44, pp. 147-172.
- ALBERTOS FIRMAT, M. L. 1975. “Organizaciones suprafamiliares en la Hispania Antigua”, *Boletín del Seminario de Estudios de Arte y Arqueología*, 40-41, pp. 5-66.
- ALMEIDA, C. A. F. 1983. “O Castrejo sob o domínio romano: a sua transformaçã”. En G. Pereira Menaut (ed.). *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*. Santiago de Compostela, pp. 187-198.
- ANDREU PINTADO, J. 2004. *Edictum, municipium y lex: Hispania en época Flavia (69-96 d.C.)*. Tudela.
- ARBABE, E. 2013. *Du peuple à la cité: vie politique et institutions en Gaule Chevelue depuis l'indépendance jusqu'à la fin des Julio-Claudiens*. Tese de doutoramento inédita (Université Paris 1 Panthéon-Sorbonne).
- ARIAS VILAS, F. 1992. *A romanizaçã de Galicia*. Vigo.
- BELTRÁN LLORIS, F. 1988. “Un espejismo historiográfico: las organizaciones gentilicias hispanas”. En G. Pereira Menaut (ed.). *Actas del primer congreso peninsular de Historia Antigua*. Santiago de Compostela, 2, pp. 197-234.
- BENABOU, M. 1976. *La résistance africaine à la romanisation*. Paris.

- BERMEJO BARRERA, A. 2008. "Estrategias institucionales y retórica de la ciencia en un grupo de investigación arqueológica español: una contribución a la sociología de la ciencia", *Arbor*, 731, pp. 497-506.
- BERRENDONNER, C. 2003. "L'Étrurie Septentrionale entre la conquête et Auguste: des cités sans magistrats?". En M. Cébeillac-Gervasoni e L. Lamoine (eds.). *Les Élités et leurs facettes*, Rome-Clermont-Ferrand, pp. 149-170.
- BOTTO, M. M. D. 1986. "Inscrição rupestre de Penela da Beira", *Ficheiro Epigráfico*, 16, nº. 72.
- BRAÑAS ABAD, R. 1999. *A Organización Socio-Política do Mundo Castrexo*. Tese de doutoramento inédita (Universidade de Santiago de Compostela).
- BRAÑAS ABAD, R.; GONZÁLEZ GARCÍA, F. J.; PARCERO OUBIÑA, C. 2007. "Apéndice: los pueblos de la Galicia céltica". En F. J. González García (ed.). *Los Pueblos de la Galicia Céltica*. Madrid, pp. 533-544.
- BÚA, C. 2003. "Cosus, un exemplo de epigrafía e relixión", *Boletín Auriense*, 33, pp. 147-184.
- CALO LOURIDO, F. 1993. *A Cultura castrexa*. Vigo.
- CALO LOURIDO, F. 1994. *A Plástica da Cultura Castrexa Galego-Portuguesa*. A Coruña.
- CALO LOURIDO, F. 2005. "O castro: da aldea autárquica á cidade desenvolvida", *Cadernos do Museu* (Museu Municipal de Penafiel), 11, pp. 91-106.
- CALO LOURIDO, F. 2010. *Os celtas: unha (re)visión dende Galicia*. Vigo.
- CALO LOURIDO, F. 2016. "O urbanismo nos castros meridionais en época de Augusto". En R. Morais; M. Bandeira; M. J. Sousa (eds.). *Celebração do bimilenário de Augusto*. Braga, pp. 96-111.
- CANTO, A. M. 1990. "La Tabula Lougeiorum: un documento a debate", *Cuadernos de prehistoria y arqueología*, 17, pp. 267-276.
- CAPALVO LIESA, A. 1986: "El léxico pliniano sobre Hispania: etnonimia y designación de asentamientos urbanos", *Caesaraugusta*, 63, pp. 49-67.
- CHIC GARCÍA, G. 1998. "Urbs, Polis, Civitas". En A. Rodríguez Colmenero (ed.). *Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico*, I. Lugo, pp. 145-170.
- CURCHIN, L. A. 2014. "The end of local magistrates in the Roman Empire", *Gerión*, 32, pp. 271-287.
- CURCHIN, L. A. 2015. "Magistri or magistratus? A problem in Hispano-Latin epigraphy", *Veleia*, 32, pp. 159-176.
- CURRÁS REFOJOS, B. X. 2014. *Transformaciones sociales y territoriales en el Baixo Miño entre la Edad del Hierro y la integración en el Imperio Romano*. Tese de doutoramento inédita (Universidade de Santiago de Compostela).
- DOPICO CAÍNZOS, D. 2013. "Nuevas formas de administración, nuevas formas de control: la fundación de Lucus Augusti y su conventus", *Portugalia*, 34, pp. 83-100.
- ENCARNAÇÃO, J., PINHO, L. M. S. 2001. "Inscrição rupestre de Cinfães (conventus Scallabitanus)", *Ficheiro Epigráfico*, 66, nº. 299.
- FERNÁNDEZ CALO, M. 2015a. *A organización político-administrativa de Galicia na Antigüidade*. Tese de licenciatura inédita (Universidade de Santiago de Compostela).
- FERNÁNDEZ CALO, M. 2015b. "Plinio, o Parroquial Suevo, e a evolución estrutural do poder local galaico na Antigüidade", *Gallaecia*, 34, pp. 175-207.
- FERRER SIERRA, S., RODRÍGUEZ COLMENERO, A. 2010. "Redescubrimiento y reinterpretación de las tres inscripciones dadas a conocer por Gómez Moreno en los canales de la Médulas (León)", *Larouco*, 5, pp. 227-230.
- GARCÍA BELLIDO, A. 1966. "Tessera hospitalis del año 14 de la era hallada en Herrera de Pisuerga". *Boletín de la Real Academia de la Historia*, 159, pp. 149-166.
- GARCÍA MORENO, L. A. 1998. "Civitates y castella durante la época suevográfica en el noroeste de las Españas". En A. Rodríguez Colmenero (ed.). *Los orígenes de la ciudad en el noroeste hispánico*, II, pp. 1347-1366.
- GARCÍA QUINTELA, M. V. 2002. *La organización socio-política de los populi del Noroeste de la Península Ibérica: un estudio de antropología histórica*. Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J. 2001. "Ius Latii y Lex Flavia municipalis", *Mainaké* 23, pp. 121-136.

- GONZÁLEZ GARCÍA, F. J. 2011. "From cultural contact to conquest: Rome and the creation of a tribal zone in the north-western Iberian peninsula", *Greece & Rome*, 58, 2, pp. 184-194.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. 2005. "¿Para qué sirven los celtas?", *Complutum*, 16, pp. 181-185.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. 2006-2007. "Galaicos: poder y comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica". *Brigantium*, 18-19.
- GUERRA, A. 2010. "A propósito dos conceptos de Lusitano e Lusitânia", *Palaeohispanica*, 10, pp. 81-98.
- HERNANDO SOBRINO, M. R. 2002. "Nota sobre nota: el bronce de El Bierzo y la Tabula de El Cau-rel", *Gerión*, 20, pp. 577-584.
- LAMOINE, L. 2009. *Le pouvoir local en Gaule romaine*. Paris.
- LE ROUX, P. 1996. "Las ciudades de la Callaecia romana durante el Alto Imperio", *Gerión*, 14, pp. 363-380.
- LE ROUX, P. 2003. "À la recherche des élites locales: le Nord-Ouest hispanique". En M. Cébeillac-Gervasoni e L. Lamoine (eds.). *Les Élités et leurs facettes*, Rome-Clermont-Ferrand, pp. 171-186.
- LE ROUX, P., TRANOY, A. 1973. "Rome et les Indigènes dans le Nord-Ouest de la Péninsule Ibérique: problèmes d'épigraphie et d'histoire", *Mélanges de la Casa de Velázquez*, 9, pp. 177-231.
- LEWUILLON, S. 2002. "Le syndrome du Vergobret. À propos de quelques magistratures gauloises". En V. Guichard e F. Perrin (eds.). *L'aristocratie celte à la fin de l'âge du Fer*. Glux-en-Glenne, pp. 243-258.
- LÓPEZ BARJA DE QUIROGA, P. 1999. "El censo provincial, los populi y los castella de Gallaecia", *Gallaecia*, 18, pp. 347-362.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F., SERPA PINTO, R. C. 1933-1934. "Estudos encol da Edade do Ferro no Noroeste da Península: as tribus e a súa constitución política", *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, 6, pp. 263-293.
- LÓPEZ FERREIRO, A. 1898. *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, I. Santiago de Compostela.
- LUJÁN MARTÍNEZ, E. R. 2011. "Briga and castellum in North-Western Hispania". En E. R. Luján e J. L. García Alonso (eds.). *A Greek Man in the Iberian Street: Papers in Linguistics and Epigraphy in Honour of Javier de Hoz*. Innsbruck, pp. 225-242.
- MANGAS MANJARRÉS, J. 1996. *Aldea y ciudad en la antigüedad hispana*. Madrid.
- MANGAS MANJARRÉS, J., MARTINO GARCÍA, D. 1997. "Princes Cantabrorum en una nueva inscripción". *Gerión*, 15, pp. 339-348.
- MELCHOR GIL, E. 2010. "Los senados de las comunidades no privilegiadas de Hispania". En L. Lamoine; C. Berrendonner; M. Cébeillac-Gervasoni (eds.). *La praxis municipale dans l'Occident romain*. Clermont-Ferrand, pp. 175-185.
- NICOLS, J. 1988. "On the Standard Size of the Ordo Decurionum", *Zeitschrift der Savigny-Stiftung für Rechtsgeschichte*, 105, pp. 712-719.
- OREJAS, A., RUÍZ DEL ÁRBOL, M. 2010. "Los castella y la articulación del poblamiento rural de las civitates del Noroeste peninsular". En AA.VV. *Dialéctica histórica y compromiso social: homenaje a Domingo Plácido*, 2, Zaragoza, pp. 1091-1128.
- ORTIZ DE URBINA, E. 2000. *Las comunidades hispanas y el derecho latino: observaciones sobre los procesos de integración local en la práctica político-administrativa al modo romano*. Vitoria-Gasteiz.
- PARCERO OUBIÑA, C. 2000. *La construcción del paisaje social en la Edad del Hierro del noroeste ibérico*. Tese de doutoramento inédita (Universidade de Santiago de Compostela).
- PASTOR MUÑOZ, M. 1977. "Participación indígena astur en la vida social romana", *Memorias de historia antigua*, 1, pp. 191-200.
- PENA GRAÑA, A. 2004. *Treba y territorium: génesis y desarrollo del mobiliario e inmobiliario arqueológico e institucional de la Gallaecia*. Tese de doutoramento inédita (Universidade de Santiago de Compostela).

- PEÑA SANTOS, A. 1992. "El primer milenio a.C. en el área gallega: génesis y desarrollo del mundo castreño a la luz de la arqueología", *Complutum*, 2-3, pp. 373-394.
- PEÑA SANTOS, A. 2005. *Galia: prehistoria, castreño e primeira romanización*. Vigo.
- PEREIRA MENAUT, G. 1982. "Los castella y las comunidades de Gallaecia", *Zephyrus*, 34-35, pp. 245-268.
- PEREIRA MENAUT, G. 1983. "Las comunidades galaico-romanas: hábitat y sociedad en transformación". En G. Pereira Menaut (ed.). *Estudos de Cultura Castrexa e de Historia Antiga de Galicia*. Santiago de Compostela, pp. 199-212.
- PEREIRA MENAUT, G. 1997. "Un pobo e unha natio moi particulares". En G. Pereira Menaut. *Galicia fai dous mil anos: o feito diferencial galego*, I. Santiago de Compostela, pp. 237-249.
- PEREIRA MENAUT, G. 2005. "Nuevas perspectivas sobre la vida de los castros galaico-romanos", *Veleia* 22, pp. 121-128.
- PITILLAS SALAÑER, E. 2003. "El papel del princeps como elemento de enlace entre Roma y los pueblos indígenas", *Hispania Antiqua*, 27, pp. 81-94
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. 1987. *Aquae Flaviae: fontes epigráficas*. Chaves.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. 1996. "Pueblos prerromanos del convento jurídico lucense: organización sociopolítica y distribución territorial". En A. Rodríguez Colmenero (ed.). *Lucus Augusti: el amanecer de una ciudad*, I. A Coruña, pp. 129-242.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. 1997. *Aquae Flaviae: fontes epigráficas da Gallaecia meridional interior*. Chaves.
- RODRÍGUEZ NEILA, J. F. 1998. "Hispani Principes: algunas reflexiones sobre los grupos dirigentes de la Hispania prerromana". *Cuadernos de Arqueología* (Universidad de Navarra), 6, pp. 99-137.
- SANTOS YANUAS, J. 2009. "De nuevo sobre los castella: naturaleza, territorio e integración en la ciuitas", *Verba*, anexo 64, pp. 169-184.
- SASTRE PRATS, I. 1999. *Formaciones sociales y organización territorial en el Conventus Asturum: la integración en el mundo romano y el proceso histórico durante el Alto Imperio*. Tese de doutoramento inédita (Universidad Complutense de Madrid).
- SILVA, A. C. F. 1986. *A cultura castreja no noroeste de Portugal*. Paços de Ferreira.
- SILVA, A. C. F. 1995. "A evolução do habitat castrejo e o processo de proto-urbanização no Noroeste de Portugal durante o I milénio a.C.". *Revista da Faculdade de Letras* (Universidade do Porto), 12, pp. 505-546.
- SUÁREZ PIÑEIRO, A. 2006. *A vida cotiá na Galicia Romana*. Santiago de Compostela.
- TRANOY, A. 1981. *La Galice Romaine: recherches sur le nord-ouest de la péninsule ibérique dans l'Antiquité*. Paris.
- UNTERMANN, J. 1993. "Anotaciones al estudio de las lenguas prerromanas del Noroeste de la Península Ibérica". En AA.VV (eds.). *Galicia, da romanidade á xermanización: problemas históricos e culturais*. Santiago de Compostela, pp. 367-397.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M., GARCÍA QUINTELA, M. V. 1998: *A vida cotiá na Galicia Castrexa*. Santiago de Compostela.
- VILLANUEVA ACUÑA, M. 1993. "O Ius Latii e a transformación do hábitat galaicorromano". En AA.VV (eds.). *Galicia, da romanidade á xermanización*. Santiago de Compostela, pp. 33-39.
- VLASSOPOULOS, K. 2007. *Unthinking the Greek Polis: Ancient Greek History beyond Eurocentrism*. Cambridge.
- WELLS, P. S. 2001. *The Barbarians Speak: How the Conquered Peoples Shaped Roman Europe*. Princeton.